

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EDUCACIÓN INFANTIL – CEIP DE PAZOS

INSTRUCCIÓN DO 27 DE ABRIL DE 2020, DA DIRECCIÓN XERAL DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E INNOVACIÓN EDUCATIVA PARA O DESENVOLVEMENTO DO TERCEIRO TRIMESTRE DO CURSO ACADÉMICO 2019/20, NOS CENTROS DOCENTES DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

3º AVALIACIÓN - CURSO 2019/2020

1- Introducción.

“O motor principal da acción educativa debe ser o desenvolvemento integral da persoa a través de experiencias e actividades didácticas de carácter lúdico, partindo da realidade individual de cada neno para chegar a acadar, de modo gradual, os obxectivos sinalados para esta etapa educativa”.

Chegada a 3ª avaliación levaremos catro meses sen ver diante ao noso alumnado. Se moitas veces sorprendémonos cos cambios acaecidos neles nos dous meses vacacionais de verán, imaxinémonos o que pode acontecer nesta situación excepcional.

A **avaliación escolar** é a *constatación dos efectos da intervención docente nos procesos de ensino-aprendizaxe do alumnado*. **Intervención educativa** non é o mesmo ca contactar de cando en vez por medios telemáticos, nin mandar tarefas para que fagan cos pais, nin facer suxestións web para pasar o tempo. E por suposto, non é a constatación da situación en función dunhas tarefas fotografadas ou dos comentarios paternos.

As tres áreas que integran o **currículo de educación infantil** son: coñecemento de si mesmo e autonomía persoal, coñecemento da contorna e linguaxes, ningunha das cales se pode avaliar sen ter diante ao alumnado. Aquí non se poden aplicar probas coma en niveis superiores nin vivir da imaxe fixa gardada no mes de marzo, pois as medras dos pequenos nesta etapa poden ser exponenciais.

A **observación directa e sistemática** constitúe a técnica principal do proceso avaliador en Educación Infantil.

“A avaliación nesta etapa, concibida como un instrumento regulador, orientador e autocorrector do proceso educativo, realizarase de forma continua e considerarase un elemento máis da actividade educativa coa finalidade de obter información sobre o desenvolvemento das nenas e dos nenos, mellorar e reaxustar a intervención das persoas responsables deste proceso e tomar decisións tanto individuais coma colectivas”.

Consciente de que no retorno deberanse adoptar medidas para paliar todas as carencias e consecuencias derivadas desta situación, tanto cos que ingresen por primeira vez na escola, coma cos que pasen de 4º a 5º, de 5º a 6º ou cos que vaian para primaria. “*Progreso ou atraso*”, son termos tan ambiguos, e mesmo pexorativos, que non poden ser contemplados en ningún desenvolvemento normativo, sobre todo por quedar expostos á subxectividade e arbitrariedade.

Á vista das Instrucións do 27 de abril, só se pode pensar que non se tiveron en conta os marcos normativos da etapa de Educación Infantil – Orde de avaliación do 25/06/2009 (limiar e artigos 20.3 e 20.5), ao Decreto 330/2009 de currículo de EI (limiar, artigos 4, 3.1, 6.2, 6.4, 8.1, 8.2, 12.2 e Anexo I 1.1) - ou que se confunde coa avaliación de niveis superiores. Unha promoción automática e unha avaliación inicial exhaustiva no inicio do vindeiro curso, sería moito máis xusto que avaliar a un alumnado que en base a conxecturas sen ningún rigor e profesionalidade.

Aínda así, elabórase o presente documento a modo de guía.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CEIP DE PAZOS. EDUCACIÓN INFANTIL. CURSO 2019/2020

INSTRUCCIÓN DO 27 DE ABRIL DE 2020, DA DIRECCIÓN XERAL DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E INNOVACIÓN EDUCATIVA PARA O DESENVOLVEMENTO DO TERCEIRO TRIMESTRE DO CURSO ACADÉMICO 2019/20, NOS CENTROS DOCENTES DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.

2- Adaptación dos criterios de avaliación para a cualificación e a promoción, tanto de nivel como de etapa.

	ÁREAS	COMP. BÁSICAS
<p style="text-align: center;">4º EDUCACIÓN INFANTIL (3 anos)</p>	<p>COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Coñecer as partes do corpo traballadas (cabeza, pernas, brazos). 2. Coñecer e recoñecer as posibilidades do seu corpo en diferentes actividades. 3. Evitar actitudes sexistas de xénero-rol. 4. Gozar coas experiencias sensoriais. 5. Coidar o seu aspecto físico, alimentación e descanso. 6. Realizar actividades de motricidade fina e grossa. 7. Realizar de forma axeitada as rutinas diarias permitíndolle anticiparse ao que vai suceder. 8. Respetar as normas básicas de convivencia (familia e escola). 9. Ter autonomía en distintas situacións da vida cotiá (aseo, comida, vestirse/espírse). 10. Realizar amosando interese as tarefas propostas dentro dos tempos establecidos. 	<p>AIP CAA</p>
	<p>COÑECEMENTO DO ENTORNO:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Coñecer aos membros da escola e da familia. 2. Coñecer diferentes medios de comunicación (televisión e teléfono). 3. Coñecer as estacións do ano e algunhas das súas características (roupa, paisaxe, clima, alimentación). 4. Coñecer algúns animais. 5. Amosar unha actitude de respecto e coidado cara aos seres vivos. 6. Elaborar obxectos sinxelos empregando materiais de refugallo. 7. Participar e valorar as tradicións, festas e costumes do seu contorno. 	<p>CCMF CSC CCA</p>
	<p>LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Empregar a linguaxe oral, axeitado á súa idade, para expresarse e comunicarse en situacións habituais. 2. Comprender ordes sinxelas. 3. Coñecer e empregar un vocabulario crecente. 4. Memorizar breves poesías, cancións, adiviñas, refráns ... 5. Contestar preguntas sobre imaxes e contos. 6. Participar nas situacións comunicativas habituais. 	<p>CCL CM CAA CCA CDTI</p>

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CEIP DE PAZOS. EDUCACIÓN INFANTIL. CURSO 2019/2020

INSTRUCCIÓN DO 27 DE ABRIL DE 2020, DA DIRECCIÓN XERAL DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E INNOVACIÓN EDUCATIVA PARA O DESENVOLVEMENTO DO TERCEIRO TRIMESTRE DO CURSO ACADÉMICO 2019/20, NOS CENTROS DOCENTES DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.

	<ol style="list-style-type: none">7. Manter a atención en narracións ou explicacións orais curtas.8. Realizar correctamente trazos verticais, horizontais e oblicuos.9. Ser quen de escribir o seu nome en maiúsculas.10. Coidar os contos e gozar con eles.11. Realizar de forma creativa elaboracións plásticas, empregando diferentes técnicas e materiais.12. Coñecer e empregar diferentes útiles de traballo (punzón, pinces, ceras) e técnicas plásticas (resgado, picado, pintado).13. Amosar interese e gozar coas expresións plásticas propias e dos demais.14. Nomear diferentes instrumentos musicais: pandeiro e triángulo.15. Memorizar e cantar cancións sinxelas.16. Interpretar danzas e bailes populares sinxelos.17. Gozar escoitando diferentes tipos de música (relaxación, clásica, actual, ...).18. Imitar accións da vida cotiá e animais.19. Gozar das actividades de expresión corporal.20. Coñecer conceptos matemáticos:<ul style="list-style-type: none">• Formas xeométricas (círculo, cadrado, triángulo)• Medida do espazo (grande-pequeno, alto-baixo)• Orientación espacial (encima-debaixo, dentro-fóra)• Cantidade (moito-pouco)• Números (1,2,3)• Medida do tempo (noite-día, mañá-tarde)21. Realizar series con dous elementos.22. Agrupar e clasificar elementos atendendo a unha variable (forma, cor o tamaño).23. Realizar o trazo dos números 1,2,3.24. Asociar a grafía dos números traballados coa cantidade.25. Valorar a utilidade dos medios audiovisuais e das tecnoloxías da información e da comunicación.	
--	--	--

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CEIP DE PAZOS. EDUCACIÓN INFANTIL. CURSO 2019/2020

INSTRUCCIÓN DO 27 DE ABRIL DE 2020, DA DIRECCIÓN XERAL DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E INNOVACIÓN EDUCATIVA PARA O DESENVOLVEMENTO DO TERCEIRO TRIMESTRE DO CURSO ACADÉMICO 2019/20, NOS CENTROS DOCENTES DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.

	ÁREAS	COMP. BÁSICAS
<p style="text-align: center;">5º EDUCACIÓN INFANTIL (4 anos)</p>	<p>COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Coñecer as partes do corpo traballadas (cara, tronco e extremidades). 2. Coñecer as posibilidades do seu corpo en diferentes situacións. 3. Evitar actitudes sexistas de xénero-rol. 4. Gozar coas experiencias sensoriais. 5. Coñecer os cinco sentidos. 6. Coidar o seu aspecto físico, alimentación, hixiene e descanso. 7. Realizar actividades de motricidade fina e grosa. 8. Realizar de forma axeitada as rutinas diarias permitíndolle anticiparse ao que vai suceder. 9. Respectar as normas básicas de convivencia. 10. Ter autonomía nas distintas situacións da vida cotiá (aseo, comida, vestirse/espirse). 11. Realizar con interese as tarefas propostas dentro dun tempo establecido. 	<p>AIP CAA</p>
	<p>COÑECEMENTO DO ENTORNO:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Coñecer as funcións e ocupacións dos principais grupos sociais (escola e familia). 2. Coñecer diferentes medios de comunicación (televisión, periódico e teléfono). 3. Coñecer as estacións do ano e algunhas das súas características (roupa, paisaxe, clima, alimentación). 4. Identificar algúns animais e relacionalos co seu hábitat. 5. Identificar a orixe dalgúns alimentos: animal ou vexetal. 6. Amosar unha actitude de respecto e coidado cara os seres vivos. 7. Nomear algúns medios de transporte e clasificalos (aéreos, terrestres o mariños). 8. Elaborar obxectos sinxelos empregando materiais de refugallo. 9. Participar e valorar as tradicións, festas e costumes do seu contorno. 	<p>CCMF CSC CCA</p>
	<p>LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Empregar a linguaxe oral, axeitado á súa idade, para expresarse e comunicarse en situacións habituais. 2. Comprender varias ordes e ser quen de realizalas. 3. Coñecer e empregar un vocabulario crecente. 4. Memorizar poesías, cancións, adiviñas, refráns... 5. Contestar preguntas sobre imaxes ou textos orais da tradición cultural. 6. Participar e gozar en dramatizacións. 	<p>CCL CM CAA CCA CDTI</p>

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CEIP DE PAZOS. EDUCACIÓN INFANTIL. CURSO 2019/2020

INSTRUCCIÓN DO 27 DE ABRIL DE 2020, DA DIRECCIÓN XERAL DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E INNOVACIÓN EDUCATIVA PARA O DESENVOLVEMENTO DO TERCEIRO TRIMESTRE DO CURSO ACADÉMICO 2019/20, NOS CENTROS DOCENTES DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.

	<ol style="list-style-type: none">7. Realizar correctamente os trazos: vertical, horizontal, oblicuo e circular.8. Realizar o trazo das letras do abecedario en maiúsculas.9. Ser quen de realizar a copia de palabras ou textos breves.10. Coidar e respectar os contos e valorar a linguaxe escrita como fonte de información.11. Realizar de forma creativa elaboracións plásticas, empregando diferentes técnicas e materiais.12. Coñecer e empregar diferentes útiles de traballo, de forma correcta (punzón, pinceis, ceras e rotuladores) e técnicas plásticas (resgado, picado, pintado, modelado).13. Amosar interese e gozar coas expresións plásticas propias e dos demais.14. Coñecer diferentes instrumentos musicais: pandeiro, triángulo, maracas, pandeireta e caixa chinesa.15. Cantar e memorizar cancións: letra e xestos.16. Interpretar bailes e danzas sinxelas.17. Coñecer as posibilidades expresivas do seu corpo.18. Imitar accións da vida cotiá, personaxes e animais.19. Gozar das actividades de expresión corporal.20. Coñecer os seguintes conceptos matemáticos:<ul style="list-style-type: none">• Forma xeométrica (círculo, cadrado, triángulo, rectángulo).• Medida do espazo (grande/pequeno, alto/baixo, longo/curto, ancho /estreito)• Orientación espacial (encima-debaixo, dentro-fora, diante-detrás, arriba-abaixo)• Cantidade (moito-pouco, algún-ningún)• Números (1, 2, 3, 4, 5)• Medida do tempo (noite-día, mañá-tarde, semana, agora-despois, estacións)21. Realizar series sinxelas de tres elementos.22. Agrupar e clasificar elementos atendendo a dous variables (forma e/ou tamaño e/ou cor).23. Realizar o trazo dos números 1, 2, 3, 4, 5.24. Asociar a grafía deses números á cantidade.25. Valorar a utilidade dos medios audiovisuais e das tecnoloxías da información e da comunicación.	
--	--	--

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CEIP DE PAZOS. EDUCACIÓN INFANTIL. CURSO 2019/2020

INSTRUCCIÓN DO 27 DE ABRIL DE 2020, DA DIRECCIÓN XERAL DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E INNOVACIÓN EDUCATIVA PARA O DESENVOLVEMENTO DO TERCEIRO TRIMESTRE DO CURSO ACADÉMICO 2019/20, NOS CENTROS DOCENTES DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.

	ÁREAS	COMP. BÁSICAS
6º EDUCACIÓN INFANTIL (4 anos)	COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL: <ol style="list-style-type: none"> 1. Coñecer todas as partes do corpo. 2. Coñecer as posibilidades do seu corpo en diferentes situacións. 3. Evitar actitudes sexistas de xénero-rol. 4. Coñecer os cinco sentidos, identificando algúns dos seus órganos e funcións. 5. Coidar o seu aspecto físico, alimentación, hixiene e descanso. 6. Ter unha coordinación óculo-manual e unha habilidade motriz fina axeitada para escribir, recortar, picar e debuxar. 7. Realizar as actividades propostas de forma autónoma. 8. Respetar as normas básicas de convivencia. 9. Realizar con interese as tarefas que se lle encomendan nun tempo establecido. 	AIP CAA
	COÑECEMENTO DO ENTORNO: <ol style="list-style-type: none"> 1. Coñecer as funcións e ocupacións dos principais grupos sociais (escola e familia). 2. Identificar as profesións e relacionalas coas tarefas propias de cada unha delas. 3. Coñecer diferentes medios de comunicación (televisión, periódico, teléfono e internet). 4. Clasificar roupa, alimentos, fenómenos atmosféricos, paisaxe, segundo a estación do ano á que pertencen. 5. Nomear animais salvaxes-domésticos e relacionalos co medio no que viven. 6. Identificar a orixe dalgúns alimentos: animal e vexetal. 7. Amosar unha actitude de respecto e coidado cara os seres vivos. 8. Nomear algúns medios de transporte e clasifícaos segundo sexan de auga, terra ou aire. 9. Elaborar obxectos sinxelos empregando materiais de refugallo. 10. Participar e valorar as tradicións, festas e costumes do seu contorno. 	CCMF CSC CCA
	LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN: <ol style="list-style-type: none"> 1. Empregar a linguaxe oral en distintas situacións de comunicación de forma coherente, ben estruturado e con unha pronuncia axeitada á súa idade. 2. Comprender textos narrados e ser quen de responder a preguntas sobre eles. 3. Coñecer e empregar un vocabulario crecente. 4. Coñecer e memorizar textos orais da tradición cultural (contos, poesías, cancións, adiviñas, ...). 5. Coñecer vocabulario en galego: cores básicas, días da semana... e reproducir algunhas cancións. 	CCL CM CAA CCA CDTI

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CEIP DE PAZOS. EDUCACIÓN INFANTIL. CURSO 2019/2020

INSTRUCCIÓN DO 27 DE ABRIL DE 2020, DA DIRECCIÓN XERAL DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E INNOVACIÓN EDUCATIVA PARA O DESENVOLVEMENTO DO TERCEIRO TRIMESTRE DO CURSO ACADÉMICO 2019/20, NOS CENTROS DOCENTES DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.

	<ol style="list-style-type: none">6. Realizar correctamente os trazos: bucles, festóns, enlaces e as súas combinacións.7. Ser quen de escribir e ler algunha palabra ou texto breve.8. Respectar e valorar os libros como fonte de información.9. Realizar de forma creativa elaboracións plásticas, empregando diferentes técnicas e materiais.10. Coñecer e empregar de forma correcta diferentes útiles de traballo (tesoira, pincel, rotuladores, ceras, lapis...) e técnicas plásticas (recortado, colaxe e pintado)11. Amosar interese e disfruta coas expresións plásticas propias e dos demais.12. Coñecer diferentes instrumentos musicais: pandeiro, triángulo, maracas, pandeireta, caixa chinesa, claves, crócalos e xilófono.13. Memorizar e cantar cancións empregando xestos e movementos axeitados á música e letra, cunha entoación apropiada.14. Adecuar os movementos do corpo a diferentes tipos de música: danzas tradicionais e bailes de moda.15. Coñecer algunha canción da tradición cultural galega.16. Coñecer as posibilidades expresivas do seu corpo.17. Imitar situacións, personaxes e animais.18. Ter interese e gozar de actividades de expresión corporal.19. Coñecer os seguintes conceptos matemáticos:<ul style="list-style-type: none">• Formas xeométricas (círculo, cadrado, triángulo, rectángulo e rombo)• Medida do espazo (grande-pequeno, alto-baixo, longo-curto, ancho-estreito, gordo-fraco)• Orientación espacial (encima-debaixo, dentro-fóra, diante-detrás, arriba-abaixo, a un lado-outro lado, aberto-pechado)• Recta numérica completa.• Cantidade (moito-pouco, algún-ningún, todo-nada, máis que-menos que-igual que)• Medida do tempo (noite-día, mañá-tarde, semana, agora-despois, estacións, antes-agora-despois)20. Realizar series con tres elementos: ABC ABAB, ABBA, ABCA...21. Agrupar e clasificar elementos atendendo a tres variables (forma, tamaño e cor).22. Realizar o trazo dos números 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8, 9.23. Asociar a grafía destes números á cantidade.24. Realizar composicións e descomposicións destes números empregando material manipulable.25. Valorar a utilidade dos medios audiovisuais e das tecnoloxías da información e da comunicación.	
--	---	--

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CEIP DE PAZOS. EDUCACIÓN INFANTIL. CURSO 2019/2020

INSTRUCCIÓN DO 27 DE ABRIL DE 2020, DA DIRECCIÓN XERAL DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E INNOVACIÓN EDUCATIVA PARA O DESENVOLVEMENTO DO TERCEIRO TRIMESTRE DO CURSO ACADÉMICO 2019/20, NOS CENTROS DOCENTES DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.

3- Avaliación e cualificación	
Avaliación	<u>Procedementos</u> : Conversas coas familias e seguimento de tarefas a través das canles de comunicación habituais (mensaxería, chamadas telefónicas, vídeochamadas)
	<u>Instrumentos</u> : Listas de control e rexistro, que se terán en conta para redactar os informes individualizados de cada un dos alumnos/as ao final do curso.
Cualificación final	A cualificación será sempre favorable, vista a evolución en liñas xerais do alumnado nos dous trimestres anteriores e debido a que non se pode facer unha observación directa e estaría fundamentada en criterios subxectivos.

3- Metodoloxía e actividades do 3º trimestre	
Actividades	Proposta de actividades para traballar contidos básicos segundo o nivel de maduración do alumnado a través de fichas de traballo. Proposta de outro tipo de actividades de carácter lúdico, no que entran en xogo múltiples destrezas: motoras, musicais, creativas, plásticas, etc. Propostas de actividades dentro do plan lector do Centro (recomendacións lectoras). Presentación de materiais ás familias a través das vídeochamadas para que empreguen cos seus fillos/as con finalidade educativa: contos, xogos, tarefas manipulables, etc. Contacto diario coas familias a través de mensaxería e semanal, co alumnado con conectividade, a través de vídeochamadas.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):	<u>Para o alumnado con conectividade</u> : proposta de actividades a través da web do centro. Adaptación do material de xeito específico para algún alumnado en concreto (por ex: tarxetas de lectura para unha alumna de 5 anos). <u>Para o alumnado sen conectividade</u> : fíxoselles chegar material impreso a través do Concello específico para cada alumno que o solicitou. Existe un contacto fluído a través de mensaxería coas familias en todos os casos.
Materiais e recursos	Todos os recursos están aloxados na páxina web do centro: https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipdepazos/node/494

4- Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	Ao final do trimestre se enviará un boletín informativo ás familias coas cualificacións do alumnado que incluírá un amplo apartado de observacións con orientacións cara o verán e o vindeiro curso, como ven sendo habitual. Ademais se artellará o xeito a través das canles habituais de comunicación (mensaxería, chamadas ou vídeochamadas) para manter unha conversa con cada unha das familias.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro